



## Guía Docente

Datos Identificativos				
<b>Asignatura (*)</b>	Investigación: Deseño e Proceso	<b>Código</b>	2018/19 615518005	
<b>Titulación</b>				
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
<b>Idioma</b>	CastelánGalego			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
<b>Coordinación</b>	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	<b>Correo electrónico</b>	carmen.rodriguez2@udc.es	
<b>Profesorado</b>	García Docampo, Manuel Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	<b>Correo electrónico</b>	manuel.garcia.docampo@udc.es carmen.rodriguez2@udc.es	
<b>Web</b>				
<b>Descrición xeral</b>	A materia aborda en primeiro lugar unha reflexión e un posicionamento sobre a concepción da práctica da investigación. Posteriormente concrétese a lóxica do proceso de investigación nas súas fases e tarefas concretas. Aínda que se ten especialmente en conta o carácter pluriparadigmático da investigación en ciencias sociais (e a subseguinte configuración de diferentes perspectivas metodolóxicas: distributiva, estrutural e dialéctica en termos de Ibáñez), a presenza doutras materias que profundan nalgúnhas delas, así como o limitado do tempo, fan que nesta materia fágase especial fincapé no deseño cuantitativo e no mixto.			

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Formular e secuenciar un deseño de investigación social e/ou de mercado, cunha comprensión profunda da súa estrutura lóxica e metodolóxica	AM1 AM2 AM3 AM5	BM1 BM2 BM5 BM7	CM4 CM5 CM7
Discriminar os diferentes tipos de deseño posibles en función dos obxectivos da investigación concretos, con especial atención ao deseño en investigación cuantitativa	AM2 AM5	BM2 BM3 BM7	
Redactar informes de resultados de investigación cunha linguaxe axeitada e profesional	AM4 AM7 AM8 AM10	BM3 BM4 BM6 BM7 BM9 BM10 BM11	CM1

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción	Presentación. obxectivos e metodoloxía da materia
2. O proceso de investigación	A lóxica do proceso de investigación. Perspectivas metodolóxicas. Modelos. Etapas do proceso
3. O deseño na investigación cuantitativa	Características do deseño nunha investigación cuantitativa. Deseños de investigación. Operativización de conceptos e medida. A preparación dos datos.



4. O deseño na investigación mixta.	Bases e razóns. Definicións. Ubicación das investigacións mixtas. Elementos. Características xerais. Usos e tipos. Preguntas e obxectivos.
5. Novas perspectivas en investigación social	Definición de novos paradigmas e modalidades de investigación. Tipos, natureza e características xerais.
6. O proxecto de investigación.	Recomendacións e aspectos de orde práctica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A1 A3 A4 A5 A7 A8 A10 B11 B10 B9 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1	4	20	24
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A10 B11 B10 B9 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C4 C5 C7	5	20	25
Sesión maxistral	B1 C6	10	15	25
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Diariamente plantexaranse diferentes problemas ou prácticas referidas aos distintos temas que servirán para que o/a estudante adquira á experiencia mínima para ser quen de presentar despois un somero deseño de investigación
Investigación (Proxecto de investigación)	Constitúe o elemento avaliable principal. Todas as actividades denominadas "solución de problemas" no apartado anterior están orientadas a que o/a estudante sexa quen de problematizar un obxecto de estudo e plantexar o deseño xeral de investigación referido a el.
Sesión maxistral	A dinámica das clases é a seguinte: primeiro faráse unha presentación dende un punto de vista teórico e xeral e logo aplicaránse no contexto de investigacións específicas que ilustren o exercicio da práctica da investigación nas súas distintas orientacións metodolóxicas. Noutras palabras, compaxinaránse as clases teóricas maxistras con outras máis prácticas nas que os conceptos tratados se presenten no contexto de investigacións concretas. A dinámica do curso require necesariamente consultar a documentación dispoñible antes da sesión teórica e así favorecer que o tempo na aula sexa mellor aproveitado

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	A atención persoalizada realizarase individualmente nos traballos tutelados, a resolución de problemas e a revisión das probas obxectivas cando a retroalimentación de cara ao alumno así o requira. Tamén na aula prevese adicar parte das sesións maxistras cando a ocasión o precise.
Investigación (Proxecto de investigación)	Recomendase a todos os alumnos que, ante a dúbida, fagan uso das tutorías sempre. Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Solución de problemas	A1 A3 A4 A5 A7 A8 A10 B11 B10 B9 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1	Resolución de exercicios e casos prácticos na aula. As diferentes prácticas e solucións de problemas realizados na aula proporcionan experiencia para a comprensión e aprehensión dos contidos teóricos e sentan as bases para a posta en marcha do traballo avaliable individual. Tratarase de exercicios breves e aplicados a realizar durante as sesións prácticas de clase que os alumnos deberán resolver en grupo ou de forma individual, en función da práctica a realizar.	35
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A10 B11 B10 B9 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C4 C5 C7	Deseño de proxecto de investigación individual. Os alumnos deberán deseñar un proxecto de investigación social ou de mercado aplicando os coñecementos adquiridos durante a materia. A principios de curso concretarase cos alumnos na aula as características deste traballo individual.	65

#### Observacións avaliación

Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación.

#### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ander-Egg, E. (2001). Métodos y Técnicas de Investigación Social. Buenos Aires, México: Grupo Editorial Lumen Humanitas</li> <li>- BORRÀS, V.; LOPEZ-ROLDAN, P.; LOZARES, C. (1999). La articulación entre lo cuantitativo y lo cualitativo: de las grandes encuestas a la recogida de datos intensiva. pp. 525-541. Qüestiió 23, 3</li> <li>- BOURDIEU, P.; CHAMBORENDON, J.-C.; PASSERON, J.-C (1976). El oficio de sociólogo. Presupuestos epistemológicos. Madrid: Siglo XXI</li> <li>- Callejo, J.; Viedma, A. (2005). Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención. Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- CEA D?ANCONA, M. Angeles (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social. Madrid: Síntesis</li> <li>- CEA D?ANCONA, M. Ángeles (2004). Métodos de encuesta. Teoría y práctica, errores y mejora. Madrid: Síntesis</li> <li>- Corbetta, P. (2003). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- García Ferrando, M.; Ibáñez, J. ; Alvira, F. (comp.) (2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación . Madrid: Alianza</li> <li>- Gordo-López, A.J.; Serrano, P. (coord.) (2008). Estrategias y prácticas cualitativas de investigación social. Madrid: Pearson</li> <li>- Hernández Sampieri, H.; Fernández Collado, C.; Baptista Lucio, P. (2006). Metodología de la investigación. México: McGraw-Hill</li> <li>- IBAÑEZ, Jesús (1994). Perspectivas de la investigación social: el diseño en las tres perspectivas. En: El análisis de la realidad social. Madrid: Alianza</li> <li>- Marradi, A. ; Archenti, N.; Piovani, J. (2007). Metodología de las Ciencias Sociales. Buenos Aires: Emecé</li> <li>- Miguel, Amando de (1997). Manual del perfecto sociólogo. Madrid : Espasa</li> <li>- Montes del Castillo, A. (2012). &amp;quot;Antropología, Investigación-Acción y Trabajo Social&amp;quot;, en Antropología Aplicada. Lecturas de Antropología y Trabajo Social.</li> <li>- Montes del Castillo, A.; Montes martínez, A. (2014). &amp;quot;Guía para proyectos de investigación&amp;quot;, en Universitas. Revista de Ciencias Sociales y Humanas.</li> <li>- Quivy, Raymond y Campenhoudt, Luc van (1992). Manual de investigación en ciencias sociales. Mexico: Limusa</li> <li>- Ruiz Olabuénaga, J. I. (2003). Metodología de la investigación cualitativa. Bilbao: Universidad de Deusto</li> <li>- Taylor, S. J.; Bogdan, R. (1987). Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona: Paidós</li> <li>- Vallejos, A. F.; Ortí, M.; Agudo, Y. (2007). Métodos y técnicas de investigación social. Madrid: Editorial Ramón Areces</li> <li>- VV.AA. (1996). La construcció de tipologies. Exemples d'aplicació. Papers. Revista de Sociologia, 48</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías